


O GALEGO CAMPA
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



UNHA HISTORIA DE MEDO

Tipo de actividade:

Actividade de distensión.

Idade: De 9 a 14 anos.

Participantes: Actividade en grupo.

Duración: 1 hora.

Materiais:

- Fichas para completar o desenvolvemento da historia.
- Tesoiras e caixas pequenas de cartón.

Obxectivos:

- Fomentar a oralidade e a escrita través dunha actividade lúdica.
- Potenciar a creatividade de forma individual e grupal.
- Traballar a lectura, a escoita, a percepción, a observación e a espontaneidade a través do traballo en grupo.

DESENVOLVEMENTO

Nun primeiro paso, realizamos a actividade de forma individual; o monitor ou a monitora repartiralle a cada persoa participante dez fichas numeradas que lle servirán de guiión para crear unha pequena historia de medo. Deixarémolles dez ou quince minutos para completaren a historia.

Mentres, iremos preparando o seguinte paso; para iso, colocaremos dez caixas coma se fosen unha caixa de correos e numerarémolas do un ao dez.

Ao remataren, os participantes introducirán as fichas numeradas en cadansúa caixa, é dicir, a ficha número un inserirase na caixa número un e así sucesivamente. A continuación, remexemos as fichas para que se mesturen no interior de cada caixa.

Despois deste paso, cada participante deberá introducir a súa man en cada caixa seguindo a orde numerada e extraerá dez fichas. Neste momento xa temos as nosas primeiras historias.

Cada rapaz ou rapaza terá que reconstruír a nova historia que resultará divertida, creativa e incluso rozará o absurdo, xa que estará composta por fragmentos de múltiples historias. As risas e a distensión están aseguradas.

OBSERVACIÓNS

Para que as historias creadas ao chou teñan coherencia, é importante respectar a numeración das fichas.

No web www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa están descargables as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.

UNHA HISTORIA DE MEDO

1

Febreiro de Esta historia desenvolveuse durante unha noite especialmente escura e fría. Sucedeu no estraño lugar de...


2

Isto aconteceulle a...

Seino porque mo contaron persoas que o presenciaron. Todo comezou cando...

3

A persoa protagonista estaba...



4

Habia tempo que tiña a sensación de que algo malo ía ocorrer. Pero agora xa tiña a certeza e comezou a sentir medo porque...



UNHA HISTORIA DE MEDO

5

De repente, oíu un son estarrecedor coma se...

que procedía de...

6

E entón decidiu...


7

E unha voz de ultratumba pronunciou unha arrepiante invocación...



8

Mirou cara a e viu...



UNHA HISTORIA DE MEDO

9

Sen poder evitalo exclamou...

E pasou o que tanto temía:

10

Só lle quedou unha saída...

Esta pequena historia titúlase...

